

Procedemento: selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato laboral temporal en réxime de interinidade, dun posto de experto/a en audiovisuais (ED.A19.40.801.15001.018)

Asunto: Resolución pola que se fai pública a listaxe definitiva de persoas admitidas

O tribunal nomeado mediante Resolución, do 27.02.2024, da persoa que ostenta a titularidade da Dirección de Agadic, conforme ao previsto no artigo 11 do vixente Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, para cualificar o proceso de selección para a contratación mediante relación laboral temporal en réxime de interinidade, en sesión que tivo lugar o 18.04.2024,

ACORDOU:

Primeiro.- Logo de que a Resolución provisional de persoas admitidas e excluídas ao procedemento de selección fose publicada na páxina web da Axencia con data 10.04.2024 e fosen formuladas alegacións no prazo de 3 días hábiles concedido a tales efectos, aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas ao procedemento de selección, que se relacionan no **Anexo I** por orde de prelación segundo a puntuación obtida en función dos méritos alegados e en aplicación do baremo establecido nas bases do procedemento.

Segundo.- Publicar na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais (www.industriasculturais.gal), segundo dispón a base 5.3 deste proceso de selección, a listaxe definitiva de persoas admitidas (**Anexo I**), entendéndose desestimadas o resto de alegacións formuladas.

Terceiro.- De acordo co disposto no punto 5.4 das bases da convocatoria, a persoa aspirante con maior puntuación acadada segundo a listaxe definitiva do **Anexo I** para a cobertura temporal do posto de experto audiovisual, grupo III, categoría 36, código ED.A19.40.801.15001.018, deberá presentar, **no prazo de tres días hábiles** desde que se faga pública a listaxe definitiva de admitidos, a documentación requirida para a formalización do correspondente contrato de traballo, así como para as altas, tanto en nómina como na seguridade social.

Cuarto.- De acordo co disposto no punto 5.5 das bases da convocatoria, se a persoa candidata seleccionada non presentase toda a documentación requirida no prazo establecido, ou presentase a súa renuncia á contratación, resultará automaticamente seleccionada a seguinte persoa aspirante, segundo a orde de prelación da listaxe definitiva publicada, que deberá presentar no prazo requirido a documentación oportuna para formalizar esta contratación.



Contra este acordo, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Axencia, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A presidenta do Tribunal de selección
María Dolores Meijomín Rodríguez



ANEXO I - LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS POR ORDE DE PRELACIÓN DA PUNTUACIÓN OBTIDA

Núm.	PERSOA SOLICITANTE	DNI	PUNTUACIÓN
1	VÍCTOR PAZ MORANDEIRA	***7321**	6,40
2	ALBERTO SUÁREZ VARELA	***3457**	1,20
3	SALVADOR PÉREZ DEL RÍO	***1854**	0,70
4	ANA LOJO GONZÁLEZ	***5917**	0,30
5	PABLO SUÁREZ GONZÁLEZ	***4208**	0,20
6	ENRIQUE FERNÁNDEZ-XESTA GOICA	***9878**	0,00
7	IRENE GARCÍA FERNÁNDEZ	***1360**	0,00
8	JOSÉ RUBÉN BERMÚDEZ MATO	***9988**	0,00
9	JULIO LÓPEZ NOCHE	***9470**	0,00
10	PABLO LUIS GARCÍA GAYOSO	***5895**	0,00
11	SARA GONZÁLEZ GARCÍA	***2843**	0,00

